

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*RESOLUCIÓN do 14 de decembro de 2018 pola que se convoca, mediante tramitación anticipada de gasto, a décima edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.*

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o despoboamento deste territorio.

No exercicio das funcións que ten encomendadas, compete á Agader impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas de desenvolvemento. Neste marco, resulta de interese pór en marcha as actuacións que animen á participación privada no proceso de desenvolvemento rural e que contribúan a conservar e dinamizar o contorno rural, facendo del un medio máis atractivo.

Por estas razóns, considérase conveniente convocar os premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, coa finalidade de premiar aquelas actuacións que fomenten a xeración dunha sociedade rural máis viva e cohesionada.

A facultade para aprobar as bases dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e para convocalo está delegada na persoa titular da Dirección Xeral da Agader, segundo o acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, sobre delegación de funcións do Consello de Dirección, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto).

De acordo co exposto,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Aprobar as bases reguladoras dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, que se xuntan a esta resolución como anexo I, co código de procedemento administrativo MR709A.



2. Convocar para o ano 2019, en réxime de concorrencia competitiva, a décima edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural. Os premios que se convocan correspóndense coas seguintes categorías:

a) Categoría mocidade, para aquelas iniciativas levadas a cabo por persoas mozas, que constitúan unha aposta polo presente e o futuro do medio rural galego e da súa poboación. Para estes efectos, terá a consideración de persoa moza quen non teña máis de corenta anos na data en que finalice o prazo para presentar a candidatura ou, no caso de persoas xurídicas, cando polo menos o 25 % dos seus membros cumpra este requisito.

b) Categoría proxectos culturais e de recuperación patrimonial no medio rural, para todos aqueles proxectos orientados á posta en valor, conservación e recuperación de elementos patrimoniais do rural galego, así como aqueles aspectos da nosa cultura que se constitúen como sinais de identidade do medio rural.

c) Categoría proxectos de interese social, orientados cara á integración dos colectivos máis desfavorecidos e que procuren a inserción social ou o coidado dos nosos maiores.

d) Categoría turismo, para recoñecer aquelas iniciativas que contribúan ao desenvolvemento económico a través da potenciación da ampla riqueza dos recursos turísticos do medio rural de Galicia.

e) Categoría sector agrogandeiro, dirixida a proxectos desenvolvidos dentro dos sectores da gandaría, a agricultura e/ou o a transformación agroalimentaria que aposten polo valor engadido na súa produción.

f) Categoría mulleres, orientada ás iniciativas levadas a cabo polas mulleres no medio rural, desde unha óptica de igualdade e progreso, en que serán fundamentais valores como o asociacionismo, a profesionalización e a innovación.

g) Categoría innovación tecnolóxica, dirixida ás iniciativas desenvolvidas no rural galego que incorporen a innovación para obter un novo produto ou mellorar a calidade nos seus produtos ou servizos, para diminuír custos, para ofrecer unha maior gama de produtos ou servizos ou para seren máis rápidas na súa introdución no mercado.

h) Categoría premio á loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras agrarias, destinada a premiar as iniciativas que puxesen en marcha proxectos ou experiencias que contribúan, directa ou indirectamente, a loitar contra o abandono de terras agrarias ou



a favor da recuperación daquelas que xa están en situación de abandono, ou ben á visibilización deste como un problema grave para o conxunto da sociedade galega.

Cada un dos premios constará dun diploma e unha dotación en metálico de 10.000 €.

Cada iniciativa só poderá presentarse a unha categoría, para o cal debe marcar no modelo de solicitude (anexo II) o recadro correspondente á categoría a que opta.

No suposto de que unha categoría quede deserta, o importe do premio destinado a esa categoría repartirase proporcionalmente entre as demais categorías.

3. Aprobar os anexos que se xuntan a esta resolución para a xestión da convocatoria.

#### Artigo 2. *Financiamento*

Para o financiamento desta convocatoria está previsto un crédito de 80.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2019-14-A1-712A-770.0 (03.01 03/04/01 656701) dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o ano 2019 (código de proxecto 2017-00002).

Esta convocatoria de axudas tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2019. Así mesmo, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

#### Artigo 3. *Prazo para presentar as solicitudes de axuda*

O prazo para presentar as solicitudes de axuda será dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG).

De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP), entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación; se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vence-



mento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

#### Artigo 4. *Obriga de relacionarse electronicamente*

Nos termos previstos no artigo 14.2 da LPACAP, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira obrigatoriamente estar colexiado para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional e as persoas que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

Tendo en conta o anterior, tanto a presentación das solicitudes como os demais trámites necesarios para a xestión deste procedemento administrativo, incluídos os requirimentos de emenda e as notificacións, faranse a través de medios electrónicos, nos termos previstos nas bases reguladoras.

#### Artigo 5. *Normativa comunitaria aplicable*

Esta convocatoria ampárase no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro), e no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

#### Disposición adicional primeira. *Recursos*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG; ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.



**Disposición adicional segunda. Información**

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Agader: <http://agader.xunta.gal/gl/linas-de-axuda>.
- b) Na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.
- c) No teléfono 981 54 58 58 (Agader).
- d) De xeito presencial, na Agader (lugar da Barcia, 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 58 58.

**Disposición adicional terceira. Información básica sobre protección de datos persoais**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### Disposición derradeira primeira

A persoa titular da Dirección Xeral da Agader poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta aplicación desta convocatoria.

#### Disposición derradeira segunda

Esta resolución será aplicable desde o día da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2018

Miguel Ángel Pérez Dubois  
Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

### ANEXO I

#### **Bases reguladoras dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural**

##### Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrència competitiva, nos termos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG).

En todo o non previsto nestas bases será de aplicación a LSG, así como o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada LSG.

O código identificativo do procedemento administrativo na sede electrónica da Xunta de Galicia é o MR709A.



**Artigo 2. *Persoas destinatarias***

Poderán presentar candidaturas aos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural as persoas físicas ou xurídicas de natureza privada que sexan titulares das candidaturas que presentan.

**Artigo 3. *Iniciativas que poden ser premiadas***

1. Nos termos destas bases poderanse conceder os premios ás iniciativas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se localicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que contribúan de xeito singular a promocionar o medio rural e a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada.

c) Que estean executadas con carácter previo á data de publicación da convocatoria.

2. Exclúense destes premios as iniciativas:

a) Que obtivesen premio nalguna das anteriores edicións dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural ou do premio Agader ao embelecemento do medio rural.

b) Que se encontren en fase de deseño ou execución na data de publicación da convocatoria dos premios.

c) Que se desenvolvan nos sectores da pesca e acuicultura.

d) Que estean relacionadas coa exportación a terceiros países ou Estados membros.

**Artigo 4. *Compatibilidade con outras axudas***

Para os efectos de determinar a compatibilidade e acumulación das axudas, a persoa beneficiaria deberá declarar outras axudas solicitadas, concedidas e/ou pagadas para a mesma iniciativa, nos termos previstos na solicitude de axuda (anexo II).



**Artigo 5. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Agader practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 6. Presentación de solicitudes**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal





se requira obrigatoriamente estar colexiado para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional e as persoas que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de xeito presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da LPACAP, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 7. *Documentación complementaria necesaria para tramitar o procedemento*

As persoas interesadas deben achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo III (descrición da iniciativa, cun máximo de 2.000 caracteres, que poña de manifesto os seus aspectos máis relevantes, valiosos ou atractivos).

b) Documento acreditativo da constitución da entidade: certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos que correspondan en función da personalidade xurídica de que se trate. De non achegarse o dito certificado, deberán presentar copia das correspondentes escrituras de constitución debidamente inscritas no rexistro público que corresponda segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate. Así mesmo, deberán presentar as modificacións posteriores dos documentos indicados.

c) Poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade solicitante.

d) Anexo IV (autorización de representación), asinado pola persoa solicitante e pola designada como representante, no caso de que as persoas físicas actúen a través de representante.



e) Calquera outra documentación que o promotor da iniciativa presentada considere interesante, tal como cartas de apoio, publicacións, fotografías, outros documentos gráficos e, en xeral, calquera outra que contribúa a fortalecer a candidatura que se presenta.

Non será necesario que as persoas solicitantes presenten a documentación que xa conste en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, poderán acollerse ao establecido nos artigos 28.3 da LPACAP e 20.3 da LSG, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde que finalizou o procedemento a que corresponda. Presumírase que as persoas interesadas autorizan esta consulta, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir a persoa solicitante para que o presente ou, na súa falta, para que acredite por outros medios os requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica da documentación complementaria será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas a presenta de xeito presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

As persoas non obrigadas á presentación electrónica da solicitude, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na LPACAP.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

Para tramitar este procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos, elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa física solicitante.
- b) NIF da persoa xurídica solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- e) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

No caso de que a persoa interesada se opoña a estas consultas, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado na solicitude de axuda e achegar os correspondentes documentos.



Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Instrución do procedemento*

Os actos de instrución do procedemento en virtude dos cales deba ditarse a resolución de concesión corresponderán á Secretaría Xeral da Agader.

A Agader poderá requirir o solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, as candidaturas que reúnan todos os requisitos serán remitidas ao xurado ou, se é o caso, á comisión de preselección, encargados da súa valoración.

#### Artigo 11. *Proceso de selección das candidaturas*

Para a concesión dos premios constituirase un xurado, que será designado para o efecto por resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Agader, no prazo máximo dun (1) mes contado desde que se publique a convocatoria no DOG.

Competen ao xurado, entre outras actuacións:

- a) Avaliar as iniciativas de acordo cos criterios referidos no artigo 12 destas bases.
- b) Efectuar a proposta de resolución, que terá carácter vinculante para o órgano encargado de resolver a selección das iniciativas premiadas.
- c) Resolver as incidencias que puidesen presentarse no curso do procedemento de selección de candidaturas naqueles supostos non previstos nestas bases.

A actuación do xurado rexerese polo disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2015, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Poderase constituír unha comisión de preselección, integrada por aqueles membros do xurado que designe a persoa titular da Dirección Xeral da Agader mediante resolución



ditada para o efecto. A comisión de preselección encargárase, de ser o caso, de estudar e revisar a documentación que integra as candidaturas e de preseleccionar as iniciativas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 12 destas bases, así como de decidir sobre aquelas incidencias que poidan xurdir no exercicio destas funcións.

No curso do procedemento de selección, o xurado ou, de ser o caso, a comisión de preselección, pode solicitar tanta información considere oportuna respecto das candidaturas presentadas, e poden, para estes efectos, realizar visitas sobre o terreo.

O xurado poderá propor que se declare deserto calquera dos premios. Así mesmo, poderá propor a concesión compartida dun premio entre varias candidaturas, que repartirán entre si a dotación económica.

Tramitado o procedemento nos termos anteriormente previstos, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader resolverá a concesión dos premios, nos termos previstos na proposta motivada efectuada polo xurado. Esta resolución notificarase no prazo de catro meses desde que se publique a convocatoria no DOG. En caso de silencio administrativo este producirá efectos desestimatorios. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, recurso potestativo de reposición diante do Consello de Dirección da Agader, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela que corresponda, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Non obstante, pode interpoñerse calquera outro recurso que se considere procedente.

#### Artigo 12. *Criterios de valoración*

Os premios outorgaranse ás iniciativas que se adecuen aos requisitos exixidos nestas bases, conforme os seguintes criterios de valoración:

- a) Contribución da iniciativa á actividade económica do territorio en que se desenvolve (máximo 15 puntos).
- b) Grao de contribución á creación de emprego (máximo 15 puntos).



- c) Grao de sustentabilidade da iniciativa desde o punto de vista económico, ambiental e sociocultural (máximo 10 puntos).
- d) Contribución á incorporación e inserción laboral da muller (máximo 10 puntos).
- e) Grao de consolidación da iniciativa (máximo 10 puntos).
- f) Grao de innovación, excelencia e orixinalidade (máximo 10 puntos).
- g) Grao de contribución á inserción de colectivos ou persoas socialmente desfavorecidas (máximo 10 puntos).
- h) Grao de implicación en políticas de igualdade (máximo 10 puntos).
- i) Grao de apoio social (máximo 10 puntos).

### Artigo 13. *Obrigas das persoas premiadas*

Son obrigas das persoas premiadas:

- a) Destinar o importe dos premios a realizar melloras, conservación ou actuacións complementarias respecto das iniciativas premiadas durante o ano seguinte ao pagamento do premio. As persoas premiadas deberán poder acreditar o cumprimento desta obriga, ante a Agader ou ante os órganos da Administración autonómica competentes para realizar o control financeiro, coa presentación da documentación xustificativa dos gastos e dos pagamentos realizados.
- b) Acreditar, con carácter previo á concesión e ao pagamento dos premios, que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non teñen débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Reintegrar, total o ou parcialmente, o importe do premio no suposto de incumprimento dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



e) Comunicar á Agader todos os cambios que se produzan nos requisitos e condicións que determinaron a concesión do premio.

#### Artigo 14. *Transparencia e bo goberno*

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da LSG, a Agader publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas premiadas e o importe dos premios concedidos. Incluirá, igualmente, as sancións que, como consecuencia deles, poidan impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade que corresponda, das previstas no artigo 3.1 desta Lei 1/2016, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

En cumprimento do disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao DOG do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Non obstante, os interesados poderán pedir que non se publiquen os seus datos cando poidan afectar a honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Á marxe do anterior, a Agader fará unha difusión axeitada dos premios concedidos, a través dos medios que, en cada caso, se consideren convenientes, co fin de dar a coñecer as iniciativas premiadas.




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>PREMIOS AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR709A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO</b>			
NOME DA INICIATIVA			
<input type="text"/>			
ENDEREZO DA INICIATIVA			
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ues2bm87-4qp6-umi8-52b1-altdeicatzd1


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO II**  
 (continuación)

**CATEGORÍA A QUE SE PRESENTA**

- Mocidade  
 Proxectos culturais e de recuperación patrimonial  
 Proxectos de interese social  
 Turismo  
 Sector agrogandeiro  
 Mulleres  
 Innovación tecnolóxica  
 Loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.  
 Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	IMPORTE (€)

 2. Que en relación con axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.  
 Si solicitou e/ou concedéronse axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.  
 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 7. Que a empresa non está en situación de crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C 249/01).  
 8. Que son certos os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria en que se efectuará o pagamento das axudas, así como que a persoa solicitante é o seu titular.  
 9. Que a iniciativa que se presenta se localiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/> Anexo III. Descrición da iniciativa, cun máximo de 2000 caracteres, que poña de manifesto os seus aspectos máis relevantes, valiosos ou atractivos.			
<input type="checkbox"/> Anexo IV. Autorización de representación, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Outra documentación que o promotor considere interesante, tal como cartas de apoio, publicacións, fotografías, outros documentos gráficos e, en xeral, calquera outra que contribúa a fortalecer a candidatura que se presenta.			
<input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da constitución da entidade.			
<input type="checkbox"/> Poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade.			




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO II**  
 (continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convoca, mediante tramitación anticipada de gasto, a décima edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III

## DESCRICIÓN DA INICIATIVA

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## DESCRICIÓN DA INICIATIVA



## SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

 **Xacobeo 2021** **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV

## AUTORIZACIÓN DE REPRESENTACIÓN

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## AUTORIZO A

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Para que en relación co procedemento MR709A exerza as seguintes facultades: realizar cantas actuacións sexan precisas para a instrución do procedemento, achegar cantos datos e documentos se soliciten ou sexan de interese, recibir todo tipo de comunicacións, formular peticións e solicitudes, presentar escritos e alegacións, manifestar a súa decisión de non efectuar alegación nin achegar novos documentos no correspondente trámite de audiencia ou renunciar a outros dereitos, subscribir dilixencias e outros documentos que poida realizar o órgano competente e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan aos representados no curso do dito procedemento.

## ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN

Coa sinatura deste escrito a persoa representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da sinatura da persoa outorgante.

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

## SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA

Lugar e data ,  de  de

